

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

5463 *Real decreto 419/2011, do 25 de marzo, polo que se modifica o Regulamento penitenciario, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro.*

A Sentenza do Tribunal Supremo, do 17 de marzo de 2009, declarou a nulidade de pleno dereito do punto primeiro da Instrución 21/1996, do 16 de decembro, da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias, que contiña normas de carácter xeral sobre seguridade, control e prevención de incidentes relativos a internos moi conflictivos e/ou inadaptados. De acordo coa mencionada sentenza, as «circulares ou instrucións, ao carecer da natureza e das garantías das normas xurídicas ou disposicións de carácter xeral, non son medio idóneo para regular dereitos e deberes dos internos nos centros penitenciarios». Efectivamente, o Tribunal Supremo recorda que todo o relativo á clasificación e ao tratamento dos internos está reservado á Lei penitenciaria e ao seu regulamento de desenvolvemento. En consecuencia, conclúe, a regulación contida na Instrución 21/1996, do 16 de decembro, «excede o labor e finalidade dos denominados «regulamentos administrativos ou de organización» para internarse no ámbito reservado á lei e aos seus regulamentos executivos, rodeados estes dunhas garantías na súa elaboración e requisitos de publicidade dos cales aquela carece (...)». Á luz da citada xurisprudencia, a regulación dos procedementos de seguridade axustados á potencial perigosidade dos internos débese conter nunha disposición administrativa de carácter xeral.

O primeiro obxectivo deste real decreto é regular os mencionados procedementos de seguridade. A necesidade de implementar tales procedementos débese entender no marco da política de seguridade xeral. O sistema penitenciario é un dos instrumentos á disposición do Estado para facer fronte ás ameazas e riscos para a seguridade provenientes, especialmente, do terrorismo e da delincuencia organizada. Xunto ás accións de persecución e protección, a prevención exige a elaboración dunha estratexia articulada de mellora dos servizos de información e intelixencia, así como a aprobación de normas organizativas de vixilancia, control e intervención ante intentos dos reclusos de dar continuidade ás actividades delituosas nos centros penitenciarios.

Nos últimos anos produciuse un incremento do número de internos ingresados por actividades terroristas nos nosos establecementos, con especial relevancia e significación no suposto do denominado terrorismo *yihadista*. Neste sentido, é particularmente preocupante o fenómeno da captación e proselitismo de eventuais terroristas no interior dos centros. O Convenio do Consello de Europa para a prevención do terrorismo, do 16 de maio de 2005, recoñece a necesidade de reforzar a loita contra o terrorismo con medidas eficaces para previr tanto posibles atentados coma o recrutamento con fins terroristas. En virtude do citado convenio, as partes comprométense a adoptar as medidas necesarias para mellorar e desenvolver a cooperación entre as autoridades nacionais, especialmente no intercambio de información.

Igualmente, produciuse un aumento considerable dos reclusos vinculados a grupos de delincuencia organizada, especialmente os relacionados con organizacións delituosas de ámbito internacional. Neste sentido, a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, feita en Nova York o 15 de novembro de 2000 e ratificada por España o 21 de febreiro de 2002, recorda no seu artigo 31 que os Estados parte procurarán promover prácticas e políticas óptimas para a prevención da delincuencia organizada transnacional.

Ademais, a realidade actual dos centros tamén pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas de control reforzado respecto daqueles reclusos que, sen estaren vinculados aos grupos de terrorismo *yihadista* ou de delincuencia organizada internacional, son potencialmente moi perigosos.

Co fin de facer fronte a estes riscos e ameazas á seguridade, prevese que a Administración penitenciaria poida establecer perfís de internos que requiran un maior control. De acordo con eses perfís, as medidas xerais de seguridade, tales como a observación, coñecemento e información por parte dos funcionarios, intensifícaranse en función do risco atribuído a cada recluso. Así mesmo, os citados perfís farán posible un seguimento individualizado e específico sobre os seus titulares por parte de equipos de especialistas en coordinación cos responsables da seguridade no centro directivo. En todo caso, as mencionadas medidas de seguridade rexeranse polos principios de necesidade e proporcionalidade e adoptaranse co debido respecto á dignidade e aos dereitos fundamentais.

O segundo motivo que xustifica a aprobación deste real decreto é a necesidade de dotar de cobertura regulamentaria os ficheiros de internos de especial seguimento (FIES), cuxa lexitimidade fora parcialmente cuestionada ata a data. En particular, garátese que os ficheiros de internos de especial seguimento non supoñan a fixación dun sistema de vida distinto daquel que regulamentariamente lles veña determinado.

A terceira modificación que aborda este real decreto refírese ao réxime de vida pechado, regulado no artigo 10 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria. Destácase a necesidade dunha intervención máis directa e máis intensa neste colectivo, precisamente porque as súas condicións de vida, suxeitas a maiores limitacións de réxime, afectan dun modo singular os seus dereitos. Consecuencia diso debe ser a atención personalizada a este grupo de internos a través de programas específicos e profesionais especializados. Da mesma maneira, establécense garantías específicas para que a estadía dos mozos neste réxime de vida teña a duración mínima imprescindible, primando os aspectos educativos e formativos.

Finalmente, o presente real decreto modifica a composición das xuntas de tratamento e dos consellos de dirección co fin de adaptalos á nova realidade organizativa xurdida a partir da creación dos centros de inserción social e á experiencia adquirida durante o tempo do seu funcionamento. Os centros de inserción social, regulados no título VII do Regulamento penitenciario, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, son un tipo de establecemento de réxime aberto, caracterizado pola ausencia de controis ríxidos, cuxo obxectivo é fomentar a confianza do propio interno. A dotación de infraestruturas e persoal destes centros completouse recentemente con motivo da implementación do plan de amortización de centros. Este real decreto modifica a composición dos órganos incorporando a estes un representante dos centros de inserción social. Pola súa vez, co fin de racionalizar o traballo dos centros de inserción social, modifícase a periodicidade das sesións das xuntas de tratamento.

Na tramitación deste real decreto solicitouse informe da Axencia Española de Protección de Datos, así como do Consello Fiscal e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Interior, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento penitenciario, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro.*

Un. Modifícase o punto segundo do artigo 6, que queda redactado como segue:

«2. A recollida, o tratamento automatizado e a cesión dos datos de carácter persoal dos reclusos contidos nos ficheiros efectuarase de acordo co establecido na lexislación sobre protección de datos de carácter persoal e nas súas normas de desenvolvemento.»

Introdúcese no artigo 6 un punto cuarto, que queda redactado como segue:

«4. A Administración penitenciaria poderá establecer ficheiros de internos que teñan como finalidade garantir a seguridade e a boa orde do establecemento, así como a integridade dos internos. En ningún caso a inclusión no dito ficheiro determinará por si mesma un réxime de vida distinto daquel que regulamentariamente corresponda.»

Dous. Modifícase o punto primeiro do artigo 65 e introdúcese un punto segundo e un punto terceiro, e o artigo queda redactado como segue:

«1. As actuacións encamiñadas a garantir a seguridade interior dos establecementos consistirán na observación dos internos, os recontos de poboación reclusa, os rexistros, os cacheos, as requisas, os controis, os cambios de cela, a asignación adecuada de destinos e as actividades e cautelas propias das saídas tanto fóra dos módulos coma fóra do establecemento.

2. A intensidade das medidas sinaladas no punto anterior axustarase á potencial perigosidade dos internos a que se apliquen, particularmente nos supostos de internos pertencentes a grupos terroristas, de delincuencia organizada ou de perigosidade extrema, respectándose, en todo caso, os principios a que se refire o artigo 71.

3. Para o fin sinalado no punto anterior, a Administración penitenciaria poderá constituír grupos especializados de funcionarios.»

Tres. Introdúcese un punto terceiro no artigo 90, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Nos centros con módulos ou departamentos de réxime pechado deseñarase un programa de intervención específico que garanta a atención personalizada aos internos que se encontren no dito réxime, por equipos técnicos, especializados e estables.»

Catro. Introdúcese un punto cuarto no artigo 92, que queda redactado como segue:

«4. Cando o interno sexa menor de vinte e un anos, toda revisión, tanto de modalidade coma de grao, que supere os seis meses de permanencia no mesmo réxime de vida, será remitida ao centro directivo para a súa resolución.

Así mesmo, se os acordos, xa sexan sobre asignación de modalidade ou revisión de grao, non son adoptados por unanimidade, remitiranse ao centro directivo para a súa resolución.»

Cinco. Modifícase o punto segundo do artigo 268, que queda redactado como segue:

«2. As xuntas de tratamento ou órgano colexiado equivalente reuniranse en sesión ordinaria unha vez ao mes, salvo que o fagan con maior periodicidade en función das características do establecemento e da orde dos asuntos que se van tratar, logo de aprobación do consello de dirección do centro e comunicación ao centro directivo. As xuntas de tratamento ou órgano colexiado equivalente reuniranse en sesión extraordinaria cantas veces o considere necesario o seu presidente.»

Seis. Modifícase o punto primeiro do artigo 270, engadíndose unha alínea g) coa seguinte redacción:

«g) O subdirector ou subdirectores de centros de inserción social.»

Sete. Modifícase o punto primeiro do artigo 272, que queda redactado como segue:

«1. A xunta de tratamento ou órgano colexiado equivalente estará presidida polo director do centro penitenciario e composta polos seguintes membros:

- a) O subdirector de tratamento ou subdirector xefe de equipo de tratamento nos centros de inserción social independentes.
- b) O subdirector médico ou xefe dos servizos médicos.
- c) O subdirector do centro de inserción social, nos centros de inserción social dependentes.
- d) Os técnicos de institucións penitenciarias que interviñesen, de ser o caso, nas propostas sobre as cales se delibera.
- e) Un traballador social, que interviñese sobre as propostas sobre as cales se delibera.
- f) Un educador ou coordinador do centro de inserción social que interviñese nas propostas
- g) Un xefe de servizos, preferentemente o que interviñese nas propostas.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta norma.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación penitenciaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA